

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Lauro Olmo

CURSO: 4º ESO

MATERIA: Xeografía e Historia

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

DATA: Terceiro trimestre (Abril-Xuño de 2020)

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Debido a que as explicacións fanse de maneira non presencial reforzamos algunhas competencias como:

- Competencia dixital, xa que hai un maior presenza das TICS, necesarias para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- Aprender a aprender, no canto de desenvolver a capacidade de iniciar aprendizaxe de temas nova, organizar tarefas e o tempo de estudo, de xeito individual
- Comunicación lingüística, desenvolvendo a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Competencias sociais e cívicas, propias da Xeografía e Historia.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
▪ B7.4. Ditadura de Franco en España.	▪ B7.4. Explicar a evolución da ditadura dende a 1975.	▪ XHB7.4.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	Caracteriza o franquismo como un réxime ditatorial. Diferenza un estado democrático dun ditatorial.
▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	▪ B4.3. Coñecer as causas, principais acontecementos e as consecuencias da Gran Guerra.	▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	Comprende as causas, desenvolvemento e consecuencias da I Guerra Mundial.
▪ B4.4. Revolución Rusa.	▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Explica as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da revolución rusa.
▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.	▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	Comenta as causas do auxe dos fascismos, relacionándoas coa crise das democracias. Diferenza un estado democrático dun ditatorial.
▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.	▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas, acontecementos e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	Explica as causas, desenvolvemento e consecuencias da II Guerra Mundial.
B9.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B9.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e futuro.	XHB9.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Recoñece elementos materiais, culturais, ideolóxicos da idade contemporánea.
B9.2. Fontes históricas.	B9.2. Identificar fontes históricas diversas..	XHB9.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes materiais e textuais.	Recoñece fontes e documentos propios da idade Contemporánea.
B9.3. Cambio e continuidade.	B9.3. Explicar acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos.	XHB9.3.1. Ordena feitos históricos, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Ordena as datas e feitos máis representativos da historia contemporánea.
B9.4. Tempo histórico.	B9.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo.	XHB9.4.1. Entende que varias ideoloxías convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Diferenza democracia e ditadura.
B9.5. Vocabulario histórico: Idade Contemporánea	B9.5. Utilizar o vocabulario histórico con precisión.	XHB9.5.1. Utiliza o vocabulario histórico para cada época.	Utiliza o vocabulario histórico propio da época.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Avaliación

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, diagnóstica e formativa con carácter positivo

- **Procedementos de avaliación:** teremos en conta as actividades que se mandan ao alumnado que consisten en resolver cuestións sobre o libro e facer pequenas investigacións sobre algún aspectos do currículo, tendo en conta tamén a actitude e interese pola materia.
- **Instrumentos de avaliación:** as actividades entregadas polo alumnado, vía telemática; parte do alumnado envía fotos das actividades feitas a man.

2.2. Cualificación final

Consideramos, por acordo do departamento que o resultado final do curso se establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- A media das dúas primeiras avaliacións.
- Ao anterior resultado se lle poderá engadir **ata un punto** como máximo, pola entrega das actividades debidamente realizadas. No caso de non entregar as actividades non se terá en conta este feito para a cualificación final.
- Redondearase a nota cara a unidade máis próxima.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

Ninguén suspende esta materia, polo que non haberá probas extraordinarias en setembro. De todos os xeitos, sempre rexen as normas establecidas para outros cursos.

2.4. Alumnado con materia pendente.

Non é o caso xa que non hai ningunha persoa con esta materia pendente de 4º ESO. De todos os xeitos sempre rexen as normas que se establecen nos outros cursos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.1. Actividades.

As actividades que o alumnado terá que realizar consisten na resolución dunha serie de cuestións sobre o distintos aspectos do currículo (ver supra: táboa sobre os estándares de aprendizaxe).

3.2. Metodoloxía

Non se esixe facer as actividades por ordenador, xa que algúns non teñen; neste caso as actividades serán realizadas a man para que despois se tiren fotos e as envíen ao correo do profesor.

- **Actividades de reforzo e ampliación:** No caso de 4º da ESO consideramos que sería mellor traballar con actividades de ampliación, que servirán como reforzo do aprendido e como base para o próximo curso ademais de traballar as competencias sociais e cívicas, a competencia de comunicación lingüística, a competencia de aprender a aprender e a competencia dixital.
 - ✓ Tras o envío das actividades con instrucións, prazos e valoracións precisas, o alumnado realizará o cuestionario.
 - ✓ Cando se entrega, cumprindo o prazo, mándaselles unha corrección conxunta (coa valoración precisa e concreta de cada pregunta e os seus diferentes apartados), para que revisen as respostas e se poñan unha nota , e dicir, se auto avalíen (traballando así a súa competencia matemática).
 - ✓ Esa nota só terá efectos positivos, nunca negativos, na súa nota final (ver supra). Evidentemente no caso de non entregar nada, non se valorará nada.
- **Actividades de recuperación:** Non foi preciso facer esta recuperación, xa que todo o alumnado cumpriu os obxectivos marcados e ten a materia aprobada.

3.3. Materiais e recursos.

O material fundamental e básico que se empregará será o **libro de texto**.

Tamén se utiliza o correo electrónico.

Recoméndase a visita as seguintes páxinas web: *historiasiglo20*, *la cuna de halicarnaso*, *practicopedia*, *sildeshare*... e a visualización de documentais e fragmentos de películas en *youtube*.

4. Información ao alumnado e ás familias

O procedemento empregado para se comunicar co alumnado é o correo electrónico; todo o alumnado de 4º ESO ten unha conta de correo asociada ao seu teléfono móbil.

Resaltar que a comunicación é fluída, tanto co alumnado como coas titorías para resolver posibles problemas.

Ademais esta adaptación da programación de XEOGRAFÍA E HISTORIA de 4º ESO se publicará na páxina web do IES Lauro Olmo.